



Plan de Melloras 2017-2018

Universidade de Santiago de Compostela

(Aprobado o 13 de decembro de 2017 polo Consello de Goberno)

Índice

1	Introdución	3
2	Accións de mellora por ámbitos de actuación.....	4
2.1	Ámbito Xestión Institucional	4
2.1.1	Harmonización na xestión e cooperación institucional nos títulos interuniversitarios	4
2.1.2	Internacionalización.....	5
2.1.3	Sistemas de Garantía de Calidade.....	5
2.2	Ámbito Relación co Contorno	7
2.2.1	Difusión e información á sociedade	7
2.3	Ámbito das Persoas	8
2.3.1	Persoal Docente e Investigador	8
2.3.2	Alumnado.....	9
2.4	Ámbito Actividade Universitaria.....	9
2.4.1	Resultados da aprendizaxe	9
3	Plan de melloras.....	10

1 Introducción

No ano 2016, a USC desenvolve por primeira vez o seu Plan de Melloras anual, dando resposta ás áreas de mellora detectadas nos procesos de seguimento e acreditación de títulos de Grao e Máster, e encaixando ditas áreas de mellora na planificación estratéxica da universidade. O seguimento da execución das medidas aprobadas nese momento pode consultarse no [Informe de revisión do Plan de Melloras 2016](#), informado favorablemente pola Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno o 27 de abril de 2017.

Nesta segunda anualidade, o Plan de Melloras da USC segue a perseguir os obxectivos cos que foi deseñado inicialmente: apoiar a [Programación Plurianual da USC](#) (cuxa actualización foi aprobada polo Claustro na súa sesión ordinaria do 2 de novembro de 2017), deseñar as melloras derivadas da revisión do Plan Estratéxico e apoiar os procesos seguimento e acreditación de títulos con accións de mellora centralizadas.

Constitúe desta forma un instrumento para poñer en valor a información recollida dos procesos de acreditación de títulos e certificación de centros docentes e vincularlos coa planificación estratéxica da institución.

No tempo no que se executou este plan, a Universidade de Santiago de Compostela desenvolveu un novo instrumento de planificación: o [Plan Estratéxico de Internacionalización](#) (PEI) co que é preciso coordinar as accións recollidas neste plan que afectan a ese eido e que motivan, nalgúns casos, que actividades que se deseñaron e iniciaron no marco deste plan de melloras, pasen a atenderse desde o PEI.

Este plan pasa a ter unha vixencia por curso académico, facilitando desta forma que os centros dispoñan, antes de comezar a revisión anual de cara á súa planificación, das accións que a institución realizará durante o curso. En canto á estrutura, mantense a anterior, para facilitar así o seu seguimento e comparabilidade, polo que as accións de mellora (en adiante, AM) preséntanse distribuídas de acordo cos ámbitos de actuación definidos no PE da USC: Xestión Institucional, Relación co Contorno, Persoas e Actividade Universitaria.

Por último, como sistema de seguimento da súa execución, a Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno será informada, polo menos, cada 3 meses e deixará constancia en acta dos progresos acadados.

2 Acci3ns de mellora por 3mbitos de actuaci3n

Nesta secci3n recolleranse as acci3ns de mellora a levar a cabo durante o curso 2017-2018, distribuidas segundo os 3mbitos de actuaci3n e li3as estrat3xicas do Plan Estrat3xico.

2.1 3mbito Xesti3n Institucional

2.1.1 Harmonizaci3n na xesti3n e cooperaci3n institucional nos t3tulos interuniversitarios

Faise necesaria unha unificaci3n e/ou a harmonizaci3n coas outras universidades do SUG para avanzar de cara 3 correcta planificaci3n das ensinanzas mediante un reforzo dos mecanismos de coordinaci3n en todos os niveis da titulaci3n, no relativo a:

- **Xesti3n acad3mica e administrativa nos mestrados interuniversitarios**
- **Resultados/valores globais dos t3tulos interuniversitarios**

Acci3n de mellora (AM-01) – Xesti3n de t3tulos interuniversitarios

Breve descripci3n: impulsar un protocolo de funcionamento para t3tulos interuniversitarios que harmonice os procesos de admisi3n e matricula, a xesti3n acad3mica e administrativa, as transmisi3ns de datos a nivel inform3tico e a prestaci3n de servizos. (Subtarefas: normativa acad3mica, xesti3n de actas, Campus Virtual, outros servizos como Biblioteca).

Obxectivo: que os convenios interuniversitarios incorporen un protocolo de funcionamento que regule aspectos com3ns para facilitar a xesti3n e a calidade do t3tulo, tanto para alumnado como para o profesorado.

O 28 de xullo de 2017 o Consello de Goberno aprobou o regulamento das titulaci3ns oficiais de Grao e Mestrado na USC. No cap3tulo II Li3as xerais para a elaboraci3n das titulaci3ns oficiais de Grao e Mestrado, no apartado 1.10h rec3llese que os convenios incluir3n, entre outra informaci3n, a seguinte:

- vi. Informaci3n sobre o procedemento de intercambio de datos e documentaci3n entre as universidades participantes, que poder3 addirse como unha addenda ao convenio.
- x. Condici3ns relativas 3 matricula do alumnado do t3tulo e da normativa acad3mica e de prezos p3blicos.

En base a esta normativa, c3mpre polo tanto elaborar as addendas necesarias para cada programa interuniversitario, onde se resolvan as cuesti3ns de transmisi3n de informaci3n, acceso 3s ferramentas inform3ticas, xesti3n de actas e aplicaci3n de normativa acad3mica.

Por outra banda, a organizaci3n dun estudo de grao conxunto coa Universidade da Coru3a, constit3e un novo reto para desenvolver os mecanismos necesarios para a transferencia de datos entre universidades.

Tendo en conta este escenario, para continuar co desenvolvemento desta acci3n e elaborar as addendas, 3 preciso determinar:

- o estado actual do funcionamento destes estudos a trav3s das coordinaci3ns dos mestrados
- os requisitos t3cnicos para o intercambio de informaci3n e o acceso de alumnado e profesorado alleo (actas, matricula, Campus Virtual, enquisas...)

Acci3n de mellora (AM-02) – Resultados/valores globais dos indicadores en t3tulos interuniversitarios

Breve descripci3n: para os procesos de seguimento/acreditaci3n de t3tulos, 3 indispensable contar con informaci3n global no caso de t3tulos interuniversitarios.

Obxectivos: 1) obter a información do Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU) e 2) remitir a información aos programas correspondentes.

A transferencia de información entre as diferentes universidades non está protocolizada e non resulta eficiente. No ámbito do Sistema Universitario Galego non se puido desenvolver unha dinámica de traballo que consolide en anos futuros o intercambio de información polo que cómpre redefinir esta acción, mantendo o seu obxectivo, pero buscando alternativas viables.

Neste sentido, o Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU) dispón de información de todas as universidades, que é homoxénea para todos os programas. Buscando a eficiencia dos recursos e o aliñamento dos distintos procesos, empregárase a información do SIIU para fornecer de resultados globais e por sede aos títulos interuniversitarios.

2.1.2 Internacionalización

A internacionalización do proceso formativo e o fomento da mobilidade de estudantes, PDI e PAS faise imprescindible por varios motivos que van desde a necesidade de captar alumnado á necesaria promoción da mobilidade dos distintos sectores.

A Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno aprobou o 27 de abril de 2017 a revisión da execución do Plan de Melloras 2016. Nesta revisión, acordouse continuar con tres das catro accións establecidas para este eido:

- **Internacionalización dos procesos formativos:** débese reflexionar sobre a importancia de dar un pulo e promover a mobilidade, tanto do alumnado coma do PDI, procurando a participación de profesorado estranxeiro nas actividades formativas e extracurriculares que se oferten.
- **Mellora do sistema de rexistro da mobilidade** docente e investigadora do PDI.
- **Fomento da impartición da docencia en inglés** de cara á internacionalización dos títulos é tamén un tema esencial.

A cuarta acción definida inicialmente (**Mellora na xestión e nos procedementos para o recoñecemento de estudos cursados ao abeiro dos programas de intercambio**) dábase por finalizada logo dun cambio normativo propiciado polo Ministerio de Educación, tal e como se pode comprobar na revisión do Plan de Melloras 2016 [[Máis información](#)]

Como se comentou na introdución, a USC aprobou o 18 de outubro o [Plan de Internacionalización 2017-2020](#). Ao existir un novo instrumento que desenvolve con máis concreción as cuestións relativas ao ámbito da internacionalización, cómpre encomendar a realización das accións deseñadas inicialmente á execución dese plan, sen prexuízo de que na revisión do Plan de Melloras 2017-2018 se dea conta dos avances producidos.

2.1.3 Sistemas de Garantía de Calidade

O correcto funcionamento dos Sistemas de Garantía de Calidade e dos grupos de interese neles implicados, asegura o ciclo de mellora continua:

- **Implicación dos distintos grupos de interese na implantación do SGC:** tratarase de potenciar a cultura de calidade entre os distintos colectivos para consolidar o funcionamento dos SGC.
- **A Aplicación de Axuda ao Sistemas de Xestión:** solicítase formación específica para membros dos equipos directivos dos centros e/ou o persoal de administración e servizos implicado no desenvolvemento do SGC, para poder poñer en uso a aplicación de calidade proporcionada pola USC. O obxectivo sería incrementar de xeito notable a utilización da ferramenta informática posta a disposición dos centros pola universidade para desenvolver axeitadamente o sistema de

calidade. O traballo das comisións e as actividades implicadas no SGC deben quedar reflectidas en actas, que se poden documentar na AASX.

- **Enquisas:** considérase necesario incrementar a participación dos estudantes e profesorado nas enquisas de valoración da actividade docente e de satisfacción, tratando de que os centros adopten unha postura máis activa co fin de promover a participación destes colectivos. Así mesmo, débese fomentar tamén a participación de titores/as externos/as e de egresados/as para que faciliten información sobre a adquisición de competencias.

Acción de mellora (AM-03) – Potenciar a cultura da calidade

Breve descrición: *realizar obradoiros/charlas para concienciar sobre a importancia e utilidade do SGC.*

Obxectivo: fomentar e potenciar a cultura da calidade entre os diferentes grupos de interese dos Sistemas de Garantía Interna da Calidade en facultades e escolas.

Acción de mellora (AM-04) – Formación para PDI e PAS na ferramenta de Axuda aos Sistemas de Xestión e nos Sistemas de Garantía da Calidade

Breve descrición: *é preciso integrar nos Plans de Formación do persoal da USC a formación necesaria para a ferramenta de xestión do ámbito da calidade.*

Obxectivo: mellorar o uso da ferramenta para facilitar a xestión administrativa derivada dos Sistemas de Garantía da Calidade así como asegurar que se emprega de xeito eficaz para a toma de decisións.

Establecer unha formación permanente para ter previstos os cambios de coordinación dos títulos e de persoal en xeral.

Acción de mellora (AM-05) – Fomentar a participación dos diferentes colectivos nas enquisas de satisfacción e a retroalimentación dos resultados das enquisas

Breve descrición: *está acción desenvolverá varias tarefas: difusión das diferentes enquisas aos grupos de interese; elaboración de informes de resultados das enquisas para retroalimentar os diferentes colectivos; aumentar a implicación do PDI no fomento da participación.*

Obxectivo: aumentar a participación dos diferentes colectivos nas enquisas de satisfacción e mellorar a difusión dos resultados para promover a cultura da calidade.

Acción de mellora (AM-06) – Revisión do panel de enquisas que se están a realizar nos Sistemas de Garantía de Calidade

Breve descrición: *esta acción servirá para revisar todos os cuestionarios que se están empregando na actualidade, reformular as preguntas que non sexan adecuadas e simplificar as enquisas na medida do posible, constituíndo un grupo de traballo formado por membros de toda a comunidade universitaria que sirva para ter os diferentes puntos de vista*

Obxectivo: revisar e simplificar as enquisas existentes, para aumentar a participación dos diferentes colectivos nas enquisas de satisfacción.

2.2 Ámbito Relación co Contorno

2.2.1 Difusión e información á sociedade

Mellorar a difusión da información pública dos títulos nas páxinas web:

- Os valores dos resultados dos títulos
- Garantir que todas as guías docentes das materias se poidan consultar de xeito completo.
- Debe constar a mesma información nas páxinas web das distintas universidades/centros que imparten o mesmo título. Corresponde ás institucións a tarefa de unificar a información, revisala e mantela actualizada.
- Débese completar a información que figura na páxina web sobre o profesorado que imparte docencia nos títulos (categoría, áreas de investigación, etc.)

Acción de mellora (AM-07) – Mellora da información pública dos títulos nas páxinas web

Breve descrición: *a posta en marcha da nova web da USC debe considerar a información pública mínima que deben ter todos os títulos e poñela a disposición dos colectivos interesados dunha forma sinxela e entendible.*

Obxectivo: dar maior visibilidade á información pública e, en especial, a aquela que poida resultar importante para a toma de decisións do alumnado.

A demanda reducida en determinados títulos, o que constitúe unha ameaza para a súa supervivencia, débense analizar as causas e establecer un plan sistematizado de difusión deses títulos para a captación de alumnado que eleve esa taxa.

Acción de mellora (AM-08) – Plans de captación para títulos con demanda reducida

Breve descrición: *nos títulos en que a demanda é moi reducida deben levarse a cabo as accións necesarias para que aumente, a través de plans de captación específicos.*

Obxectivo: aumentar a demanda en títulos con baixa matrícula de novo ingreso

Nas Memorias de Calidade 2016-2017 varios centros recollían a importancia dos perfís dos diferentes títulos e das propias facultades e escolas nas redes sociais, debido a que estes medios chegan de forma efectiva á comunidade universitaria e mesmo a outros grupos de interese alleos a ela. É preciso, neste contexto, desenvolver un protocolo que estableza directrices en canto ao uso destes perfís.

Acción de mellora (AM-09) – Coordinación de redes sociais

Breve descrición: *Existen múltiples perfís en redes sociais vinculados a centros, grupos de investigación e servizos da USC descoordinados entre si.*

Obxectivo: Elaborar un protocolo de actuación para perfís de redes sociais asociados a centros, servizos, departamentos ou grupos vinculados coa USC.

2.3 Ámbito das Persoas

2.3.1 Persoal Docente e Investigador

Accións formativas, especialmente para o persoal docente, dirixidas a fomentar o emprego e coñecemento das plataformas de ensinanza virtual. Resulta preciso adaptar os medios materiais á nova metodoloxía das ensinanzas e a formación do profesorado na utilización desas tecnoloxías. Debe intensificarse a utilización das plataformas de ensinanza virtual e incorporar docentes ao seu uso, fomentando o seu uso para actividades de ensinanza-aprendizaxe e non só como repositorio documental das materias.

Neste eido, durante o ano 2017, púxose en marcha a I Convocatoria de Proxectos de Innovación Educativa e MOOC e de apoio das TIC á docencia. Actualmente, estanse impartindo os contidos formativos previos á elaboración dos proxectos seleccionados.

Acción de mellora (AM-10) – Aumentar as actividades do PFID destinadas ao emprego e coñecemento das ferramentas de ensinanza virtual

Breve descrición: resulta preciso adaptar os medios materiais á nova metodoloxía das ensinanzas e a formación do profesorado na utilización desas tecnoloxías. Debe intensificarse a utilización das plataformas de ensinanza virtual e incorporar docentes ao seu uso, fomentando o seu uso para actividades de ensinanza-aprendizaxe e non só como repositorio documental das materias.

Obxectivo: aumentar o uso das plataformas de ensinanza virtual como instrumentos de ensinanza-aprendizaxe.

2.3.2 Alumnado

- **Mellorar os sistemas de acollida** do novo alumnado para que coñezan aspectos como a existencia de **procedemento de suxestión e queixas**.

Acción de mellora (AM-11) – Mellorar os sistemas de acollida de novo alumnado

Breve descrición: o alumnado descoñece aspectos da vida diaria da universidade como a existencia dun procedemento de suxestión e queixas. Cómpre fomentar as Guías do alumnado e asegurar que estes contidos forman parte da formación que reciben os alumnos titores.

Obxectivo: mellorar a información e os servizos dos que dispón o alumnado da USC.

2.4 Ámbito Actividade Universitaria

2.4.1 Resultados da aprendizaxe

- **Elaboración dun modelo de guía docente ou programa** que inclúa información relativa ás competencias concretas e a súa avaliación.

Acción de mellora (AM-12) – Elaboración dun modelo de guía docente ou programa

Breve descrición: é necesario que se inclúan os sistemas de avaliación das competencias que adquire o alumnado en cada materia e de xeito global no título, para o que parece oportuno elaborar un modelo de guía docente.

Obxectivo: mellorar a información que ten o alumnado sobre as competencias que debe adquirir e o seu sistema de avaliación.

3 Plan de melloras

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM – 1 - Xestión de títulos interuniversitarios
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	Dos informes de seguimento e dos informes de renovación da acreditación, extráese a necesidade de realizar un reforzo dos mecanismos de coordinación en todos os niveis das titulacións. A demanda desta coordinación é especialmente importante no caso dos títulos interuniversitarios.
		Definición/descrición proposta	<p>Impulsar a creación dun protocolo de funcionamento para títulos interuniversitarios que harmonice os procesos de admisión e matrícula, a xestión académica e administrativa, as transmisións de datos a nivel informático e a prestación de servizos.</p> <p>Logo da aprobación en xullo de 2017 do Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado (CG 28/07/2017), cómpre aprobar addendas aos convenios onde se recolla a información necesaria para o funcionamento destes títulos, así como incluír esta información en novos títulos que se implanten.</p> <p>Nunha segunda fase, a desenvolver no curso 2018-2019, implantaríanse os cambios técnicos necesarios.</p>
		Data prevista de finalización	31/07/2018
		Data inicio	Decembro de 2017
Responsables	Responsable da implantación	<p>Vicerreitoría de Oferta Docente e Innovación Educativa</p> <p>Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación</p> <p>Coordinadores/as dos títulos interuniversitarios da USC</p> <p>Área de Tecnoloxías da Información e Comunicación</p> <p>Área de Calidade e Mellora dos Procedementos</p>	
Tarefa 1	Código	AM 1 .1	

	Descrición tarefa	<p>Manter as seguintes reunións para recompilar a información necesaria para redactar as addendas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - coordinacións dos mestrados: estado actual do funcionamento destes estudos - responsables de ATIC: requisitos técnicos para o intercambio de información e o acceso de alumnado e profesorado alleo (actas, matrícula, Campus Virtual, enquisas...)
	Data prevista de finalización	Febreiro de 2018
Tarefa 2	Código	AM 1 .2
	Descrición tarefa	<p>Elaboración das addendas para cada programa interuniversitario, de acordo co novo Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado (CG 28/07/2017) onde se recollerán os aspectos relativos a:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Transferencia de información - Xestión de actas - Acceso a Campus Virtual - Acceso a Secretaría Virtual - Acceso a outros servizos das universidades por parte do alumnado doutras universidades (biblioteca, etc).
	Data prevista de finalización	Xullo de 2018
Indicadores		Número de addendas agregadas aos convenios existentes/Número de programas interuniversitarios (Obxectivo: >75%)

Seguimento da acción

Plan de Melloras 2016 (Aprobado polo Consello de Goberno o 29 de xullo de 2016)		
Finalización	Estado	En execución
	Comprobación	Accións realizadas:

		<ul style="list-style-type: none"> - Estudo para analizar as posibilidades de integración en Xescampus (Secretaría Virtual) de estudantes doutras universidades que participan nun máster interuniversitario. Estado: inicio - Estudo para analizar a integración dos PDI doutras universidades na Secretaría Virtual da USC. Estado: inicio - Estudo para analizar a autorización de uso dos estudantes e profesores doutras universidades no Campus Virtual da USC. Estado: inicio - Adquisición de equipamento para a comunicación a distancia (Videoconferencia) compatible con todas as universidades participantes en títulos interuniversitarios.
	Data comprobación	27/04/2017

Plan de Melloras 2017-2018 (Aprobado polo Consello de Goberno o 13 de decembro de 2017)		
Finalización	Estado	En execución
	Comprobación	--
	Data comprobación	Cada 3 meses pola CCPdCG

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM -2 – Resultados/valores globais dos indicadores en títulos interuniversitarios
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	Para os procesos de seguimento e acreditación, é necesario dispoñer de resultados globais dos títulos interuniversitarios que permitan a análise e mellora do título, tanto de xeito global como nas sedes onde se imparte.
		Definición/descripción proposta	Obter a información global e por sede do SIIU e facilitar esta información aos títulos implicados.
		Data prevista de finalización	30/06/2018
		Data inicio	Setembro de 2017
Responsables	Responsable da implantación	Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	
Indicadores		Núm. de títulos interuniversitarios aos que se lles facilitan datos globais e por sede/Núm. de títulos interuniversitarios (Obxectivo: 100%)	

Seguimento da acción

Plan de Melloras 2016 (Aprobado polo Consello de Goberno o 29 de xullo de 2016)		
Finalización	Estado	En execución
	Comprobación	En marzo de 2016 constituíse un grupo de traballo interuniversitario, coas universidades do SUG, para a determinación de indicadores comúns. O traballo do grupo consistiu en establecer un panel de indicadores con idéntica fórmula de cálculo que se puidese facilitar aos títulos interuniversitarios para os procesos de seguimento de acreditación.

		<p>O panel final está formado por 18 indicadores e calculouse para todos os títulos interuniversitarios (15 en total).</p> <p>A acción mantense para o próximo plan de melloras, con dous obxectivos:</p> <p>Traballar dentro do SUG para axilizar o procedemento de intercambio de datos entre as tres universidades.</p> <p>Ampliar a procura de indicadores comúns a outras universidades fóra do SUG de forma sistemática (e non só en procesos de acreditación).</p>
	Data comprobación	27/04/2017

Plan de Melloras 2017-2018 (Aprobado polo Consello de Goberno o 13 de decembro de 2017)		
	Estado	En execución
Finalización	Comprobación	<p>A información facilitada para os procesos de seguimento e acreditación de títulos do curso 2016-2017 (6 de novembro de 2017) inclúe os principais indicadores de resultados calculados por sede e de forma global. Concretamente trátase dos seguintes indicadores:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Estudantes de novo ingreso no estudo - Matriculados - Egresados - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación - Duración media - Taxa de eficiencia dos egresados - Taxa de éxito dos egresados - Taxa de avaliación dos egresados - Taxa de abandono no 1º ano - Taxa de cambio en 1º ano <p>Para dar por finalizada a acción cómpre agardar a que finalicen os procesos de seguimento e acreditación correspondentes ao 2016-2017.</p>
	Data comprobación	13/12/2017

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM -3 –Potenciar a cultura da calidade
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	Precísase unha maior implicación de todos os grupos de interese no desenvolvemento dos Sistemas de Garantía Interna de Calidade dos centros da USC.
		Definición/descripción proposta	Realizar actividades formativas, especialmente entre o alumnado, para concienciar sobre a utilidade e importancia dos Sistemas de Garantía de Calidade.
		Data prevista de finalización	31/07/2018
Data inicio	Outubro de 2017		
Responsables	Responsable da implantación	Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	
Indicadores de seguimento		Número de actividades formativas realizadas	

Seguimento da acción

Plan de Melloras 2016 (Aprobado polo Consello de Goberno o 29 de xullo de 2016)		
Finalización	Estado	En execución
	Comprobación	<p>Durante o ano 2016 realizáronse 3 actividades formativas relacionadas con esta acción, en diferentes edicións para chegar aos dous campus. Concretamente tratouse da seguinte formación:</p> <p>1. Participación no programa de formación de alumnado-titor. Incluíuse, como se viña facendo en edicións anteriores, formación específica en Sistemas de Garantía de Calidade, facendo fincapé nas vías de participación do alumnado (órganos de seguimento dos SGC, enquisas programadas no sistemas, procedemento de queixas e suxestións da USC). En total recibiron esta formación arredor de 60 alumnos e alumnas entre os dous campus.</p>

		<p>2. "Sistemas de Garantía Interna de Calidade: ferramentas para o seguimento e a acreditación", a través do PFID, dirixido a coordinadores/as e responsables de calidade. Este curso foi realizado por 46 coordinadores/as de título e responsables de calidade de facultades e escolas. Se ben a formación estaba dirixida aos procesos de seguimento e acreditación, ao formar parte dos procesos do Sistemas de Garantía de Calidade, tamén se profundou no marco xeral, buscando fomentar a visión do Sistema de Garantía de Calidade. Das tres edicións impartidas, a satisfacción global co curso foi, sobre 5 puntos, de:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▣ 1º edición (Santiago): 4,64 ▣ 2ª edición (Santiago): 3,86 ▣ 3ª edición (Lugo): 4,56 <p>Ademais, todos os participantes recomendarían a realización do curso a outras persoas.</p> <p>3. Curso de avaliador interno de Sistemas de Garantía de Calidade, dirixido a decanos/as, directores/as de facultade e escola e a responsables de calidade.</p> <p>Este curso foi realizado por 20 persoas que formarán parte dun panel de avaliadores internos da USC para a preparación e seguimento de procesos de certificación de Sistemas de Garantía de Calidade. A satisfacción global co curso foi dun 4,68 sobre 5, obtida a través dunha enquisa cun 95% de participación.</p>
	Data comprobación	27/04/17

Plan de Melloras 2017-2018 (Aprobado polo Consello de Goberno o 13 de decembro de 2017)		
	Estado	En execución
Finalización	Comprobación	<p>Durante o ano 2017 realizáronse as seguintes actividades:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Programa de alumnado-titor: formouse ao alumnado seleccionado nestes programas nos campus de Santiago e Lugo. - Curso de avaliador de Sistemas de Garantía Interna de Calidade: participaron 16 persoas seleccionadas entre Responsables de Calidade, Responsables das Unidades de Apoio á Xestión de Centros

		<p>e Departamentos e persoal da Área de Calidade. A satisfacción global co curso foi dun 4,33 sobre 5, obtida a través dunha enquisa cun 75% de participación.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Xornada de Sistema de Garantía de Calidade na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, celebrada o 26 de outubro. Nesta xornada houbo varias charlas explicando o Sistema de Garantía de Calidade da EPS, a súa utilidade, como se articula a través das diferentes comisións e as experiencias das persoas responsables das coordinacións dos títulos, así como alumnado membro das comisións. A Área de Calidade levou a cabo un obradoiro con diferentes supostos que achegasen a importancia dos Sistemas de Garantía de Calidade ao alumnado. A enquisa realizada aos asistentes deu resultados moi satisfactorios (todos os ítems relacionados coas xornadas superan os 4,5 puntos sobre 5) se ben é preciso modificar a execución en próximos cursos para chegar a máis alumnado. - Xornada de seguimento e acreditación: celebrouse o 3/11/2017 unha xornada de formación xeral destinada a novos/as coordinadores/as e a programas en proceso de acreditación, na que participaron responsables de calidade e membros de equipos directivos dos centros nos que houbo cambios. A esta xornada asistiron 52 persoas entre os dous campus. Tendo en conta que a formación a PDI estaba dirixida a novo persoal o grao de cobertura da formación considérase do 100% pois participaron todas as persoas que cumprían esa condición. <p>Rexistráronse todas as actividades que se realicen durante o curso 2017-2018 neste eido para facilitar a comprobación do seu cumprimento.</p>
	<p>Data comprobación</p>	<p>13/12/2017</p>

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM – 4 –Formación para PDI e PAS na ferramenta de Axuda aos Sistemas de Xestión
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	É preciso mellorar o uso da ferramenta para facilitar a xestión administrativa derivada dos SGIC así como asegurar que se emprega de xeito eficaz para a toma de decisións.
		Definición/descripción proposta	Integrar nos Plans de Formación do persoal da USC a formación necesaria para a ferramenta de xestión do ámbito da calidade.
		Data prevista de finalización	30/11/2017
		Data inicio	Outubro de 2017
Responsables	Responsable da implantación	Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	
Indicadores de seguimento		Número de persoas que realizaron a formación do total de persoas aos que ía dirixido	

Seguimento da acción

Plan de Melloras 2016 (Aprobado polo Consello de Goberno o 29 de xullo de 2016)		
Finalización	Estado	En execución
	Comprobación	<p>Dentro das accións centralizadas da convocatoria de axudas para a mellora da calidade da docencia da Vicerreitoría de Comunicación, concedeuse un curso específico para a Facultade de Ciencias que foi celebrado no mes de decembro.</p> <p>Estaba prevista unha formación dirixida a persoal de Administración e Servizos que non se puido impartir aínda xa que se considerou necesario esperar a que se executara o último concurso de provisión de postos e así poder formar ás persoas que ían desempeñar as tarefas nun futuro próximo. Esta formación impartírase durante o primeiro trimestre de 2017.</p> <p>Considérase necesario, polo tanto, manter a acción con dous obxectivos claros e diferenciados:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Impartir a formación dirixida a PAS pendente.

		2. Establecer unha edición permanente do curso do PFID Sistemas de Garantía Interna de Calidade: ferramentas para o seguimento, dirixida a formar aos responsables dos títulos e dos centros que vaian cambiando cada ano.
	Data comprobación	27/04/17

Plan de Melloras 2017-2018 (Aprobado polo Consello de Goberno o 13 de decembro de 2017)		
	Estado	Finalizada
Finalización	Comprobación	<p>O profesorado da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría solicitou un curso na escola, no que se viu o manexo da AASX na primeira sesión. Celebrouse os días 17 e 18 de outubro e participaron un total de 11 persoas. Realizouse unha enquisa que obtivo unha valoración do ítem de satisfacción global do 4,5 sobre 5, cunha participación do 45,45%.</p> <p>No caso do PAS, ofertáronse tres cursos a través do Programa de Formación de PAS (en setembro no campus de Santiago e en outubro no campus de Lugo).</p> <p>En relación co PAS, realizaron o curso 62 persoas dun total de 52 persoas ás que ía dirixida a formación, polo que se superou a expectativa inicial ao participar máis persoal do esperado.</p> <p>As enquisas realizadas amosan o seguinte resultado en relación coa satisfacción global:</p> <ul style="list-style-type: none"> - 1º edición Santiago: 3,77 sobre 5 cunha participación do 72% - 2ª edición Santiago: 3,85 sobre 5 cunha participación do 61,90% - Edición Lugo: 4,11 sobre 5 cunha participación do 69,23%
	Data comprobación	13/12/2017

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM – 5 –Fomentar a participación dos diferentes colectivos nas enquisas de satisfacción e a retroalimentación dos resultados das enquisas
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	Debido á baixa participación nas enquisas cómpre aumentar a participación dos diferentes colectivos e mellorar a difusión dos resultados para promover a cultura da calidade
		Definición/descripción proposta	<p>Reforzar a información aos distintos colectivos dos resultados das enquisas programadas dentro dos Sistemas de Garantía de Calidade para fomentar a participación, atendendo a diferentes aspectos que se poden mellorar:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Difusión das enquisas para que os diferentes colectivos as cubran, a través dos centros, por correo electrónico e a través das ferramentas corporativas (Campus Virtual, Secretaría Virtual). - Difusión dos resultados para proporcionar información aos grupos de interese. - Implicar ao profesorado no fomento da participación
		Data prevista de finalización	Xullo de 2018
		Data inicio	Novembro de 2017
Responsables	Responsable da implantación	Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación Área de Calidade e Mellora dos Procedementos Facultades e Escolas	
Tarefa 1	Código	AM 5.1	
	Descrición tarefa	<p>Difusión das diferentes enquisas aos grupos de interese avisando con suficiente antelación aos centros.</p> <p>Integración dos anuncios de apertura dos períodos dirixidos ao alumnado, no Campus Virtual.</p>	
	Data prevista de finalización	En cada período de cobertura das enquisas	

Tarefa 2	Código	AM 5.2			
	Descrición tarefa	Elaboración de informes de resultados das enquisas para dar información aos diferentes colectivos aos que van dirixidas.			
	Data prevista de finalización	Maio de 2018			
Tarefa 3	Código	AM 5.3			
	Descrición tarefa	Posta a disposición do profesorado na súa Secretaría Virtual do índice de participación nas materias nas que vai ser valorado, durante o período de cobertura.			
	Data prevista de finalización	Maio de 2018			
Indicadores de execución	Evolución das porcentaxes de participación por enquisa				
	Enquisa de valoración da docencia recibida:				
		2013-14	2014-15	2015-16	2016-17
	Titulacións non renovadas	10,74%	13,64%	18,57% (19,93%)	17,39%
	Graos	28,42%	31,67%	30,34% (29,97%)	30,64%
	Mestrados	37,59%	42,15%	44,13% (45,05%)	43,30%
	Global	27,44%	31,63%	30,94%	31,43%
	Enquisa de valoración coa docencia impartida				
		2013-14	2014-15	2015-16	2016-17
	Titulacións non renovadas	17,78%	21,50%	--	--
Graos	25,99%	39,10%	45,05%	40,55%	
Mestrados	26,31%	40,39%	44,22%	40,86%	
Global	25,02%	38,03%	44,78%	40,58%	

		Enquisa de egresados		
		2013/2014	2014/2015	2015/2016
		13,29%	21,06%	16,13%
		Alumnado de mobilidade saínte		
		2014/2015	2015/2016	2016/2017
		36,07%	30,35%	34,99%
		Alumnado de mobilidade entrante		
		2014/2015	2015/2016	2016/2017
		20,6%	15,76%	20,77%
		Prácticas externas		
		Alumnado	Titores externos	Titores académicos
2014-15		12,5%	24,9%	20,0%
2015-16		14,24%	29,03%	33,89%
2016-17		20,59%	21,68%	31,08%
		Satisfacción do PAS co traballo desenvolvido		
		2014/2015	2015/2016	2016/2017
		39,00%	39,29%	44,37%
		Satisfacción coa formación do PDI		
2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017	
70,4%	81,0%	59,01%*	52,65%	
		*Implementouse a enquisa online		
		Satisfacción coa formación do PAS		
2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017	
93,57%	89,5%	74,1%	66,81%	

Seguimento da acción

Plan de Melloras 2016 (Aprobado polo Consello de Goberno o 29 de xullo de 2016)

Finalización	Estado	En execución
	Comprobación	<p>Durante o ano 2016 realizouse unha comunicación sistemática da programación de todas as enquisas a todos os responsables de centros (decanatos e direccións de facultades e escolas) así como a responsables de calidade dos centros.</p> <p>Para cada unha das enquisas programadas remitíronse correos electrónicos informando do prazo no que se realizarían as enquisas con unha antelación mínima de 15 días. Ademais, nestes correos tamén se informaba de posibles accións para mellorar a porcentaxe de participación.</p> <p>Ademais, a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos elaborou informes de todas as enquisas que figuran na web da área (http://www.usc.es/gl/servizos/calidade/satisfacciongrupos.html) e que dos que se deu conta aos diferentes colectivos nas comunicacións relativas a cada enquisa.</p> <p>En relación coa enquisa de satisfacción coa docencia recibida, unha das que máis importancia ten dentro dos SGC, por primeira vez durante este curso implementouse a visualización dos resultados de cursos anteriores desde a Secretaría Virtual do alumnado. Desta forma, cando o alumnado cubre as enquisas que lle corresponden, pode ver os resultados naqueles títulos nos que está matriculado, resultado máis visual e accesible que a través dos informes publicados na web da área.</p> <p>Seguindo coa mesma enquisa, durante o curso 2015-2016 acordáronse novos criterios de certificación dos resultados dirixidos ao profesorado, que estableceron unha porcentaxe mínima de resposta (aprobados pola Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno o 22 de xullo de 2016). Seguindo nesta liña, durante o 2016/2017 a Área de Calidade levará un traballo de revisión e redefinición do cuestionario empregado que servirá ao mesmo tempo para revisar a coherencia entre todas as enquisas empregadas no sistema.</p> <p>Cómpre, polo tanto, manter a acción no seguinte plan de melloras.</p>
	Data comprobación	27/04/17

Plan de Melloras 2017-2018 (Aprobado polo Consello de Goberno o 13 de decembro de 2017)

Finalización	Estado	En execución
	Comprobación	<p>Durante o curso 2016-2017 proxectáronse as seguintes novidades para aplicar no curso 2017-2018:</p> <ul style="list-style-type: none"> - a Área TIC desenvolveu unha nova funcionalidade na Secretaría Virtual do profesorado para que, durante o período no que as enquisas permanecen abertas, poidan coñecer o nivel de participación no momento da consulta. - así mesmo, tamén engadiu información no foro de novidades de cada materia, dentro do Campus Virtual, sobre a enquisa: prazo para cubrila e ligazón á aplicación de enquisas. - O CeTA engadiu un banner na entrada do Campus Virtual que está activo mentres o período de enquisas está aberto. - O Gabinete de Comunicación realizará campañas de difusión específicas en cada período da enquisa. <p>En relación co resto de enquisas, estase facilitando a información aos responsables de calidade para que, desde os centros, se coordinen as accións de difusión que consideren oportunas. Cómpre esperar aos primeiros resultados do 2017-18 para facer un seguimento do éxito destas medidas.</p>
	Data comprobación	13/12/2017

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM – 6 –Revisión dos cuestionarios empregados no panel de enquisas que se están realizando na USC
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	<p>A participación dos diferentes colectivos nas enquisas que se realizan no marco dos Sistemas de Garantía de Calidade é moi baixa. A información que chega desde os grupos de interese apunta a varios motivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Moitos cuestionarios o que supón moito tempo para responder - Cuestións pouco claras ou que non corresponden ao tipo de docencia pola que se pregunta <p>Isto fai que sexa necesaria unha revisión de todo o panel de enquisas para evitar redundancias entre os cuestionarios e intentar reducir a carga que supón para os grupos de interese.</p>
		Definición/descripción proposta	Constitución dun grupo de traballo para a revisión do panel de enquisas integrado por membros dos diferentes grupos de interese.
		Data prevista de finalización	Xullo de 2018
		Data inicio	Xaneiro de 2018
	Responsables	Responsable da implantación	Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación Área de Calidade e Mellora dos Procedementos
Indicadores		Número de cuestionarios revisados/Número total de enquisas	
Finalización	Estado	En execución	
	Comprobación	--	
	Data comprobación	Cada 3 meses pola CCPdCG	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM – 7 –Mellora da información pública dos títulos nas páxinas web
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	Cómpre dar maior visibilidade á información pública e, en especial, a aquela que resulte de interese para a toma de decisións do alumnado.
		Definición/descrición proposta	A posta en marcha da nova web da USC debe considerar a información pública mínima que deben ter todos os títulos e poñela a disposición dos colectivos interesados de forma sinxela.
		Data prevista de finalización	Decembro de 2017
Data inicio	Outubro de 2017		
Responsables	Responsable da implantación	Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación Oficina Web Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	
Indicadores		Non se contemplan	

Seguimento da acción

Plan de Melloras 2016 (Aprobado polo Consello de Goberno o 29 de xullo de 2016)		
Finalización	Estado	En execución
	Comprobación	Se ben os traballos para a posta en marcha da nova web están moi avanzados, aínda non está operativa.
	Data comprobación	27/04/17 (data CCPdCG)

Plan de Melloras 2017-2018 (Aprobado polo Consello de Goberno o 13 de decembro de 2017)

Finalización	Estado	Finalización
	Comprobación	Os traballos para a publicación da nova web xa están moi avanzados polo que é preciso revisar, conxuntamente con centros e servizos, que a información pública mínima está recollida e actualizada.
	Data comprobación	13/12/2017

ACCIÓNS DE MELLORA					
Definición	Acción de mellora	Código	AM – 8 –Plans de captación para títulos con demanda reducida		
		Tipo	Acción de Mellora		
	Definición	Análise causa	É necesario aumentar a demanda en títulos con baixa matrícula de novo ingreso, para dar cumprimento ao Decreto 222/2011 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as normas de desenvolvemento.		
		Definición/descripción proposta	Manter os plans de captación específicos para aqueles títulos con demanda moi reducida que se desenvolveron durante o curso 2016-2017.		
		Data prevista de finalización	Xullo de 2018		
		Data inicio	Outubro de 2017		
Responsables	Responsable da implantación	Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación Programa A Ponte Área de Calidade e Mellora dos Procedementos			
Indicadores de seguimento		Evolución da matrícula de novo ingreso dos títulos con demanda reducida			
		Alumnado de novo ingreso	2015-16	2016-17	2017-18*
		Dobre grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria e en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural	11	10	12
		Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural	17	23	16
		Grao en Enxeñaría Civil	33	16	15
		Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	37	49	24
		Grao en Enxeñaría en Xeomática e Topografía	9	4	1
		Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural	38	26	15
		Grao en Filoloxía Clásica	24	29	30
		Grao en Filosofía	54	58	72
		Grao en Lingua e literatura galegas	41	29	57
		Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio	42	39	35

		*Datos provisionais de matrícula
--	--	----------------------------------

Seguimento da acción

Plan de Melloras 2016 (Aprobado polo Consello de Goberno o 29 de xullo de 2016)		
Finalización	Estado	En execución
	Comprobación	<p>Información Plans de Captación</p> <p>Desde o Programa A Ponte, e tamén dende os centros responsables, reforzouse o contacto co ensino medio, especialmente nas titulacións con problemas de captación de alumnado.</p> <p>Polo momento só se pode valorar un ano e as accións dos plans de viabilidade están comprometidas para, cando menos, tres cursos académicos. Non obstante, dous dos nove títulos en plans de viabilidade (Filosofía e Enxeñaría de Procesos Químicos) acadaron no curso 2016/2017 o número mínimo de matrícula establecido no Decreto 222/2011.</p> <p>Debido ao exposto no punto anterior, esta acción debe continuar en plans de mellora posteriores. Para o ano 2017 seguiranse executando plans de captacións específicos para estas titulacións, que estarán dotados cunha contía de 4.000 € por título para empregar en actividades de difusión e captación.</p>
	Data comprobación	27/04/17

Plan de Melloras 2017-2018 (Aprobado polo Consello de Goberno o 13 de decembro de 2017)		
Finalización	Estado	En execución (mantense para o PM 2017)
	Comprobación	Información Plans de Captación

		<p>Desde o Programa A Ponte, e tamén dende os centros responsables, reforzouse o contacto co ensino medio, especialmente nas titulacións con problemas de captación de alumnado.</p> <p>Polo momento só se pode valorar un ano e as accións dos plans de viabilidade están comprometidas para, cando menos, tres cursos académicos. Non obstante, dous dos nove títulos en plans de viabilidade (Filosofía e Enxeñaría de Procesos Químicos) acadaron no curso 2016/2017 o número mínimo de matrícula establecido no Decreto 222/2011.</p> <p>Debido ao exposto no punto anterior e dado que os plans están na súa fase inicial, esta acción debe continuar en plans de mellora posteriores. Para o ano 2017 seguiranse executando plans de captacións específicos para estas titulacións, que estarán dotados cunha contía de 4.000 € por título para empregar en actividades de difusión e captación. A estratexia a seguir para o 2017 terá tamén en conta a viabilidade e duplicidade de títulos, no marco do mapa de titulacións do SUG.</p>
	Data comprobación	13/12/2017

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM -9 –Coordinación de Redes Sociais
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	Existen múltiples perfís en redes sociais vinculados a centros, grupos de investigación e servizos da USC descoordinados entre si
		Definición/descrición proposta	<p>Elaborar un protocolo de actuación para perfís de redes sociais asociados a centros, servizos, departamentos ou grupos vinculados coa USC. Buscar unha maior coordinación entre eles conforme a denominadores comúns na procura dunha maior integración arredor da marca “USC” e cos perfís principais xenéricos da Universidade de Santiago (@UniversidadeUSC).</p> <p>Conterá cuestións prácticas e pautas de referencia que axuden a enfocar axeitadamente a proxección exterior da actividade cotiá da USC.</p> <p>Unha vez aprobado o protocolo, será preciso formar ás persoas que manexen perfís institucionais da USC nas distintas redes sociais. Esta formación terá como obxectivo difundir o protocolo e aplicalo de xeito adecuado.</p>
		Data prevista de finalización	Xullo de 2018
		Data inicio	Novembro de 2017
Responsables	Responsable da implantación	<p>Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación</p> <p>Gabinete de Comunicación</p> <p>Servizo de Planificación e Programación de PAS – Sección Formación</p> <p>Área de Calidade e Mellora dos Procedementos</p>	
Indicadores de seguimento		<ul style="list-style-type: none"> - Aprobación e publicación do protocolo - Núm. de persoas que recibiron formación (núm. de cursos ofertados; porcentaxe de participación sobre destinatarios do curso) 	

Seguimento da acción

Plan de Melloras 2016 (Aprobado polo Consello de Goberno o 29 de xullo de 2016)		
Finalización	Estado	En execución
	Comprobación	--
	Data comprobación	27/04/17 (data CCPdCG)

Plan de Melloras 2017-2018 (Aprobado polo Consello de Goberno o 13 de decembro de 2017)		
Finalización	Estado	En execución
	Comprobación	--
	Data comprobación	Revisar aos 3 meses da aprobación e na data de finalización por CCPdCG

ACCIÓN DE MELLORA																							
Definición	Acción de mellora	Código	AM – 10 –Aumentar as actividades do PFID destinadas ao emprego e coñecemento das ferramentas de ensinanza virtual																				
		Tipo	Acción de Mellora																				
	Definición	Análise causa	Resulta preciso adaptar os medios materiais á nova metodoloxía das ensinanzas e a formación do profesorado na utilización desas tecnoloxías. Cómpre intensificarse a utilización das plataformas de ensinanza virtual fomentando o seu uso para actividades de ensinanza-aprendizaxe e non só como repositorio documental.																				
		Definición/descripción proposta	Reforzar as actividades do Plan de Formación e Innovación Docente destinadas ao emprego e coñecemento das ferramentas de ensinanza virtual. Desenvolver proxectos de innovación docente en MOOC e de apoio das TIC á docencia.																				
		Data prevista de finalización	Xullo de 2018																				
		Data inicio	Decembro de 2017																				
Responsables	Responsable da implantación	Vicerreitoría de Oferta Docente e Innovación Educativa Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe																					
Indicadores de seguimento		<p>a) Número e evolución das actividades ofertadas dentro do PFID relacionadas co uso das tecnoloxías para a docencia</p> <table border="1"> <thead> <tr> <th></th> <th>2014-15</th> <th>2015-16</th> <th>2016-17</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Cursos PFID relacionados Tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas á docencia.</td> <td>50 cursos (12 temáticas)</td> <td>40 cursos (15 temáticas)</td> <td>43 cursos</td> </tr> </tbody> </table> <p>b) Número e evolución das aulas abertas no Campus Virtual</p> <table border="1"> <thead> <tr> <th></th> <th>2014-15</th> <th>2015-16</th> <th>2016-17</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Número de aulas</td> <td>4.832</td> <td>7.691</td> <td>7.312</td> </tr> <tr> <td>Numero de usuarios</td> <td>29.533</td> <td>30.015</td> <td>29.666</td> </tr> </tbody> </table>			2014-15	2015-16	2016-17	Cursos PFID relacionados Tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas á docencia.	50 cursos (12 temáticas)	40 cursos (15 temáticas)	43 cursos		2014-15	2015-16	2016-17	Número de aulas	4.832	7.691	7.312	Numero de usuarios	29.533	30.015	29.666
	2014-15	2015-16	2016-17																				
Cursos PFID relacionados Tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas á docencia.	50 cursos (12 temáticas)	40 cursos (15 temáticas)	43 cursos																				
	2014-15	2015-16	2016-17																				
Número de aulas	4.832	7.691	7.312																				
Numero de usuarios	29.533	30.015	29.666																				

Seguimento da acción

Plan de Melloras 2016 (Aprobado polo Consello de Goberno o 29 de xullo de 2016)

Finalización	Estado	En execución
	Comprobación	Durante este período todas as materias en POD de Grao e Posgrao Oficial dispoñen dunha aula virtual asociada. Asemade, dáse soporte baixo demanda a accións de formación continua, posgrao propio, doutoramento e IV Ciclo.
	Data comprobación	27/04/17

Plan de Melloras 2017-2018 (Aprobado polo Consello de Goberno o 13 de decembro de 2017)

Finalización	Estado	En execución
	Comprobación	--
	Data comprobación	Revisar cada tres meses por CCPdCG

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM – 11 – Mellorar os sistemas de acollida de novo alumnado
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	O alumnado descoñece aspectos da vida diaria da universidade.
		Definición/descripción proposta	Elaborar unha guía para programas de acollida e/ou acción tutorial, a partir da revisión das guías xa existentes. Implementar esta nova guía en todos os centros que xa dispoñen de accións parcialmente sistematizadas, adaptándoa se é necesario, e desenvolver esta ferramenta nos centros que aínda non teñen un plan de acollida e/ou de acción tutorial.
		Data prevista de finalización	Xullo de 2018
Data inicio	Outubro de 2017		
Responsables	Responsable da implantación	Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación Programa A Ponte Facultades e Escolas Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	
Indicadores de seguimento		Número de centros que dispoñen de guías de acollida para o alumnado de novo ingreso (18/28 [64,29%] na última revisión 27/04/17; Obxectivo: 100% no curso 2018/2019)	

Seguimento da acción

Plan de Melloras 2016 (Aprobado polo Consello de Goberno o 29 de xullo de 2016)		
Finalización	Estado	En execución
	Comprobación	Mantense a acción na seguinte planificación co seguinte obxectivo: - Elaborar unha guía para programas de acollida e/ou acción tutorial, a partir da revisión das guías xa existentes. - Implementar esta nova guía en todos os centros que xa dispoñen de accións parcialmente sistematizadas, adaptándoa se é necesario, e desenvolver esta ferramenta nos centros que aínda non teñen un plan de acollida e/ou de acción tutorial.

	Data comprobación	27/04/17
--	--------------------------	----------

Plan de Melloras 2017-2018 (Aprobado polo Consello de Goberno o 13 de decembro de 2017)		
Finalización	Estado	En execución
	Comprobación	--
	Data comprobación	Cada tres meses por parte da CCPdCG

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM – 12 –Elaboración dun modelo de guía docente ou programa
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	É preciso que se inclúan os sistemas de avaliación das competencias que adquire o alumnado en cada materia e de xeito global no título
		Definición/descrición proposta	Elaborar un modelo de guía docente ou programa que inclúa as competencias que debe adquirir o alumno e o seu sistema de avaliación. Debe incorporarse na Planificación Académica Anual para o curso 2018-2019.
		Data prevista de finalización	Marzo de 2018
Data inicio	Decembro de 2017		
Responsables	Responsable da implantación	Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica	
Indicadores de seguimento		Non se contemplan	

Seguimento da acción

Plan de Melloras 2016 (Aprobado polo Consello de Goberno o 29 de xullo de 2016)		
Finalización	Estado	En execución
	Comprobación	--
	Data comprobación	27/04/17

Plan de Melloras 2017-2018 (Aprobado polo Consello de Goberno o 13 de decembro de 2017)		
Finalización	Estado	En execución
	Comprobación	--

	Data comprobación	Revisar aos 3 meses da aprobación e na data de finalización por CCPdCG
--	--------------------------	--